



Concello de Bueu

Expediente	3189/2019- SIA: 1428945
Documento	Anuncio do Tribunal cualificador do procedemento
Trámite	Información relativa ás condicións específicas relativas ao chamamento dos candidatos que concorrán ao 1º exercizo do procedemento selectivo para a cobertura dunha praza de Técnico de administración Xeral en réxime de interinidade do Concello de Bueu

Anuncio do Tribunal

O Tribunal cualificador do proceso selectivo de referencia, na sesión celebrada o 10 de setembro, acordou establecer as seguintes condicións específicas relativas ao chamamento dos candidatos que concorrán ao citado procedemento selectivo:

A.- ACCESO Á SALA MULTIUSOS DO CENTRO SOCIAL DO MAR. PLANO DE SITUACIÓN DO ACCESO

O acceso á sala multiusos (primeira planta) do Centro social do Mar (CSM), sito na Avda. Montero Ríos núm. 78 Bueu, CP 36930, na que se realizará a celebración da primeira proba do proceso selectivo "Probas teóricas" (de carácter obrigatorio e eliminatorio), por mor da convocatoria efectuada por resolución de alcaldía núm. 890/2020 de 7.7.2020 (CSV: 9WMPFY3H3D472SW36DLARWKJD), realizárase a través da entrada principal do auditorio do CSM (planta baixa):



Os membros do Tribunal aos que corresponda realizar o chamamento, comunicarán no **control de acceso da entrada ao CSM**, o percorrido e organizarán o acceso dos candidatos, de tal forma que, permanecerán **no hall do auditorio do CSM, sito na planta**

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.



Cod. Validación: 4MEQW9ZJ4JW3GXX7YMZZJ3KCJ | Corrección: <https://bueu.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3



Concello de Bueu

baixa, en espera de ser chamados.

No hall do auditorio do CSM (control de acceso), o Tribunal **comprobará a identidade dos candidatos** que concorran ao procedemento selectivo mediante a **exhibición ao Tribunal de DNI orixinal** ou outro documento fidedigno, orixinal e con fotografía, **dende a distancia social de seguridade sanitaria**, podendo os membros do Tribunal encargados do chamamento solicitar a **retirada momentánea da máscara para a súa identificación en casos de dúbida**.

B. MEDIOS MATERIAIS PARA A REALIZACIÓN DO PRIMEIRO EXERCIZO

Para a celebración do primeiro exercizo os candidatos deberán dispor de **lapis do número 2, goma e bolígrafo de cor azul ou negro (non pluma estilográfica)**.

Xunto co anterior, lembrese a obriga de seguir as seguintes **PAUTAS COMÚNS E MEDIDAS DE SEGURIDADE POR MOR DO COVID19** establecidas no punto resolutivo 5º do decreto de alcaldía núm. 890/2020 de 7.7.2020 co obxecto de garantir a celebración presencial das probas correspondentes a este procedemento en condicións de máxima seguridade sanitaria e protección da saúde pública cos medios dispoñibles no concello, que se detallan a continuación:

1.- Cada aspirante se debe **presentar no acceso indicado na letra A) deste anuncio, á hora indicada na convocatoria** efectuada por decreto de alcaldía núm. 890/2020 de 7.7.2020, e non antes, co fin de evitar aglomeracións.

2.- **Se recomenda que os aspirantes non acudan acompañados**, salvo aqueles que necesiten expresamente asistencia.

No seu caso, os acompañantes non poderán entrar no recinto onde se celebren as probas.

3.- Os candidatos deberán **comprobar o seu estado de saúde antes de acudir á celebración da proba**. Recoméndase a toma de temperatura.

Se o candidato presenta calquera sintomatoloxía que puidese estar asociada coa COVID-19 non debe acudir á celebración da proba tal e como se recolle no apartado resolutivo 5º do decreto de alcaldía núm. 890/2020 de data 07.07.2020.

4. Os candidatos que se atopen en **situación de illamento domiciliario por ter diagnosticada a COVID-19 ou de corentena domiciliaria por ter contacto con algunha persoa diagnosticada ou con síntomas da COVID-19 non deben acudir ás probas en ningún caso**.

5.- No acceso ás instalacións do Centro Social do Mar (CSM) deberá manter os seguintes **hábitos**:

a) **Será obrigatorio o uso de máscara durante todo o proceso**. Os/as aspirantes deberán ir provistos delas para poder entrar no edificio (CSM).

Se, **por causa médica acreditada**, non pode utilizar máscara, deberá comunicalo con antelación suficiente ao Tribunal, mediante **instancia dirixida a través da sede electrónica do concello de Bueu**, achegando a **documentación xustificativa de tal extremo**, co obxecto de que o Tribunal adopte as medidas oportunas de distancia social de seguridade sanitaria do resto das persoas para minimizar o risco dos participantes no proceso.

b) Deberá respectarse en todo momento a **distancia social de seguridade sanitaria**

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.



Cod. Validación: 4MECQW9ZJ4LW3GXX7YMZZJ3KJCJ | Corrección: <https://bueu.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3



Concello de Bueu

c) Será **obligatoria a desinfección das mans ao entrar e ao saír do CSM con solución hidroalcohólica**, así como despois de toser, esberrar ou tocar superficies de contacto frecuente por distintas persoas.

d) Deberá **cubrirse a nariz e a boca cun pano desechable ao toser ou esberrar**, tirándoo a continuación á papeleira máis próxima.

e) No interior do CSM, atendendo á sinalización establecida, **será preferente o uso das escaleiras e evitarase, na medida do posible, tocar varandas ou pasamáns**.

f) **Durante a celebración da proba** non se poderá compartir os materiais (bolígrafos, lapis, gomas) e o candidato deberá deixar as pertenzas no chan, debaixo do asento e sempre afastado do seu alcance.

g) Esgotado o tempo máximo de realización do exame, os **candidatos deberán esperar á saída ordenada da sala seguindo en todo momento as indicacións do Tribunal**.

Deberá manterse en todo momento a distancia social de seguridade sanitaria nas saídas da sala e das instalacións municipais.

As medidas anteriores, xunto coas que resulten das normas emitidas pola autoridade sanitaria, vixentes no momento de celebración da proba, deben ser cumpridas polos/as candidatos/as que concorran en todo momento.

O incumprimento das devanditas normas e instrucións poderán determinar a prohibición do acceso á celebración da/s proba/s do procedemento selectivo

O que se fai publico mediante anuncio no taboleiro electrónico de anuncios do concello (<https://bueu.sedelectronica.gal> (apartado "INFORMACIÓN XERAL"- Taboleiro de anuncios/sección "Emprego Público") sen prexuízo de que, de forma complementaria, se publique na páxina web do concello, para coñecemento dos candidatos no procedemento selectivo de referencia, en aplicación da base 14ª.2 das bases reguladoras do procedemento selectivo e no exercizo das atribucións que corresponden por mor da base 7ª e do punto resolutivo 5º do decreto de alcaldía 890/2020 de 07.07.2020.

(documento asinado electronicamente ao marxe pola Presidenta do Tribunal)

Documento asinado electronicamente á marxe

